

O touro albo

Voltaire

Tradución de Paulo Rei Ballesteros



Voltaire

O TOURO ALBO

Tradución de Paulo Rei Ballesteros

Traducido do siríaco por Mr. Mamaki, intérprete do Rei de Inglaterra para as linguas orientais.

CAPÍTULO PRIMEIRO

Cómo a princesa Amaside atopa un boi

A princesa moza Amaside, filla de Amasis¹, rei de Tanis, en Exipto, paseaba polo camiño de Pelusio coas donas do seu séquito. Estaba ensumida nunha tristura fonda; as bágoas escorregaban dos seus lindos ollos. É sabido cál era o motivo da súa dor; e cómo ela temía descontenta-lo rei seu pai pola súa dor mesma. O vello Mambrés, antigo mago e eunuco dos faraóns, estaba á beira dela e non a deixaba case que nunca. Viuna nacer e educouna, aprendéndolle todo o que a unha bela princesa lle é permitido saber das ciencias de Exipto. O enxeño de Amaside igualaba a súa beleza; era tan sensible, tan tenra como cativadora; sendo esta sensibilidade a que lle custaba tantas lágrimas. A princesa tiña vintecatro anos de idade; o mago Mambrés abeiraba ós mil trescentos. Conforme é sabido, el era o que tivera con Moisés aquela contenda² famosa, na que a victoria abaneou ben de tempo entre eses dous profundos filósofos. Se Mambrés sucumbiu, non foi senón pola protección visible das potencias celestiais que favoreceron ó seu rival; cumpriron deuses para vencer a Mambrés.

Amasis fíxoo superintendente da casa da súa filla, e dilixenciaba el este cargo co seu tino habitual. A linda Amaside adondábao cos seus suspiros.

—¡Oh, meu amigo! ¡Meu mozo e querido amigo! —exclamaba ela por veces—. ¡Ou ti, o meirande dos vencedores, o máis cumprido, o máis fermoso dos homes! ¡Como! ¡Dende hai case sete anos desapareciches da terra! ¿É que Deus te ripou da túa tenra Amaside? Ti non morriches, os sabios profetas de Exipto concordan niso, mais es morto para min; eu estou soa na terra, está ela deserta. ¿El por qué raro prodixio deixáche-lo teu trono e maila túa amiga? ¡O teu trono! Érache o primeiro do mundo, e el é pouca cousa; mais a min, que te adoro, meu querido Na...³ —íala ela acabar.

—Tremede pronunciar ese nome fatal —díxolle o sabio Mambrés, vello eunuco e mago dos faraóns—. Quizais fosedes descuberta por algunha das vosas donas palacianas. Sonvos adictas todas, e tódalas damas lindas levan a honra, sen dúbida, servir ás nobres paixóns das lindas princesas. Mais ó cabo, pode aparecer unha indiscreta, e mesmo enteiramente pérfida. Sabedes que o rei voso pai, que ademais ámavos, xurou facer que vos tallasen o pescozo de pronunciardes ese nome témero, sempre presto a vos fuxir da boca. Chorade, mais calade. Esa lei é ben dura, pero non fostes educada na sabedoría exipcia para non saberdes gobernar a vosa lingua. Pensade que Harpócrates, un dos nosos maiores deuses, ten sempre o dedo sobre da boca.

A bela Amaside chorou e non falou máis.

Conforme ela avanzaba en silencio cara ás beiras do Nilo, albiscou ó lonxe, so unha touza bañada polo río, unha vella cuberta de farrapos grises, sentada nun petouto. Tiña por de si unha burra, un can e máis un castrón. Fronte dela había unha serpe que non era coma as serpes ordinarias, pois os seus ollos eran tan tenros como animados; a súa fisionomía era nobre e interesante; a súa pel brillaba coas cores máis vivas e máis doces. Un peixe enorme, a medio mergullar no río, non era a persoa menos abraiante da compañía. Había nunha póla un corvo e mais un pombiño. Todas esas criaturas parecía que tiñan xuntas unha conversa abondo animada.

—¡Ai! —dixo a princesa polo baixo—, esas xentes falan sen dúbida dos seus amores. ¡E a min non me é permitido pronuncia-lo nome de quen eu amo!

A vella señora termaba dunha liviá cadea de aceiro, longa de cen brazas, á que estaba atado un touro que pacía no prado. O touro era albo, ben feito, repoludo, mesmo lixeiro, o que é ben raro. Os cornos eran de marfil. Era o máis fermoso que nunca se viu na súa especie. O de Pasifae, do que Xúpiter tomou a figura para raptar a Europa, non lle abeiraba a este soberbio animal. A cativadora Xovenca na que Isis⁴ foi virada a penas había ser digna del.

En que viu el a princesa, correu cara a ela coa lixeireza dun cabalo árabe novo que franquea as chairas largacías e mailos ríos da vella Sanáa⁵ para se acaroar á brillante egua que reina no seu corazón, e que lle fai endereita-las orellas. A vella facía esforzos para o reter; a serpe intentaba espantalo cos seus asubíos; o can seguía e trabáballe as súas lindas patas; a burra cruzábase no seu camiño e guindáballe couces para o facer volver. O peixe grande remontaba o Nilo e, cimbrándose fóra da auga, ameazaba con devoralo; o castrón paraba quieto e entalado co medo; o corvo voaba ó redor da testa do touro, coma se quixese esforzarse en crebarlle os ollos. A pomba acompañábao por curiosidade, e petáballe nas mans cun doce murmurio.

Un espectáculo tan extraordinario somerxeu de novo a Mambrés nos seus serios pensamentos. Entremetres, o touro albo, levando arrastro a súa cadea e maila vella, xa chegara onda a princesa, que ficaba estantía de abraio e de medo. Bótase ós pes dela, bícaos, esbagulla, fítaa con ollos nos que reinaba unha mestura inaudita de dor e de ledicia. Non ousaba muxir por medo de escorrenta-la linda Amaside. Non podía dar fala. O feble uso da voz concedido polo ceo a algúns animais éralle privado, mais tódalas súas accións foron elocuentes. Agradoulle moito á princesa. Ela sentiu que unha distracción livián podía suspender por algúns momentos as coitas máis dolorosas.

—Velaí —dicía— un animal ben agarimoso; quixera telo eu nas miñas cortes.

Ante estas verbas, o touro dobrou os catro xeonllos e bicou a terra.

—¡Enténdeme!, berrou a princesa; dáme testemuño de que el me quere pertencer. ¡Ai, divino mago, divino eunuco! Dádeme este consolo, mercádeme este lindo querubín⁶, axustade un prezo coa vella á que, sen dúbida, pertence. Quero que este animal sexa de meu; non me neguedes este conforto inocente.

Tódalas donas do pazo xuntaron os seus pedimentos ós rogos da princesa. Mambrés deixouse abalar e foi falar coa vella.

CAPÍTULO SEGUNDO

Cómo o sabio Mambrés, antigo meigo do Faraón, recoñeceu unha vella, e cómo foi recoñecido por ela

—Señora —díxolle el—, ben sabedes que ás mociñas, e sobre todo ás princesas, cómprelles distraerse. A filla do rei está louca polo voso touro; prégovos que nolo vendades; seredes paga a diñeiro contado.

—Señor —retrucoulle a vella—, ese precioso animal non é de meu. Teño a encarga, eu e mais tódolos animais que vistes, de o gardar con tino, axexar tódolos seus pasos e dar conta deles. ¡Deus me garde de querer vender nunca este animal sen prezo!

Mambrés, ante este discurso, sentiuse alumeado por algunhas raiolas dunha luz confusa que non discernía el aínda. Pescudou na vella de mantelo gris con máis atención.

—Respectable dona —díxolle—, ou ando enganado, ou xa vos teño visto outrora.

—Eu non me engano —respondeu a vella—, vinvos, señor, hai setecentos anos, nunha viaxe que fixen de

Siria a Exipto, algúns meses despois da desfeita de Troia, cando Hidra⁷ reinaba en Tiro e Nephel Leres no vello Exipto.

—¡Ai!, Señora —exclamou o ancián—, sóde-la augusta pitonisa de Enarado.

—E vós, señor —díxolle a pitonisa cinguíndoo cos brazos—, sóde-lo gran Mambrés; e resulta sen dúbida que non nos atopamos de novo neste lameiro nas beiras do Nilo, preto da soberbia vila de Tanis, sen unha orde da Providencia universal.

—¡Como! Sodes vós, señora, vós, de tanta sona nas ribeiras do voso pequeno Xordán, ¡e a primeira persoa do mundo en facer que volvesen as sombras a el!

—¡Como! Sodes vós, señor. ¡Tan famoso por vira-las variñas en serpes, o día en tebras! ¡E os ríos en sangue!⁸

—Son, señora, mais a miña idade avanzada enfraquece unha parte das luces e do meu poder.

—Ignoro de onde vos vén ese fermoso touro Albo, e quen son eses animais que velan convosco ó seu redor.

A vella recolleuse, alzou os ollos para o ceo, e logo respondeu nestes termos:

—Meu querido Mambrés, somos da mesma profesión, mais estame privado expresamente dicirvos quen é ese touro. Pódovos contestar sobre dos outros animais. Habédelos recoñecer doadamente polas amosegas que os caracterizan⁹. A cobra é a que persuadiu a Eva de comer unha mazá, e de lla facer comer ó seu home. A burra é a que lle falou nun camiño deserto a Balaam, o voso contemporáneo. O peixe que ten decote a testa fóra da auga é o que engulipou a Xonás, hai algúns anos. Ese can évos aquel que seguiu ó anxo Rafael e ó mozo Tobías na viaxe que eles fixeron de Ragués á Media, no tempo do Grande Salmanasar¹⁰. O castrón este é o que expía tódolos pecados dun país. Ese corvo e mailo pombo sónvo-los que estaban na arca de Noé, grande acontecemento, catástrofe universal, que case toda a terra ignora aínda. Aí ténde-lo que hai. Mais, tocante ó touro, non saberedes cousa.

Mambrés escoitaba con respecto. Logo dixo:

—O Eterno revela o que el quere e a quen quere, ilustre pitonisa. Todos eses animais, que teñen a encarga convosco de garda-lo touro albo, só son coñecidos da vosa xenerosa e agradable nación, que é ela propia descoñecida para case que todo o mundo. As marabillas que vós e mailos vosos, e eu e mailos meus, levamos realizado, han ser un día grande asunto de dúbida e de escándalo para os falsos sabios. Por ventura atoparán creto entre os sabios verdadeiros que han estar sometidos ós vedoiros¹¹ nunha pequena parte do mundo, e é todo o que cómpre.

Conforme pronunciaba estas verbas, a princesa turroulle da manga, e díxolle:

—Mambrés, ¿é que non me ides merca-lo touro?

O mago, ensumido nunha fonda matinação, non respondeu cousa, e Amaside desatou a chorar.

Entón, dirixiuse ela mesma á vella, e díxolle:

—Miña velliña, eu conxúrovos por canto teñades de máis querido no mundo, por voso pai, pola nai, pola vosa ama de leite, que sen dúbida viven aínda, a me venderdes non só o voso touro, mais tamén o voso pombo, que lle semella moi afeccionado. Verbo dos outros animais, non volos quero para nada; mais son unha rapariga quen de abafar se non me vendedes ese feiticeiro touro albo, que ha se-la dozura da miña vida.

A vella bicou con respecto a aba do seu mantelo de gasa e díxolle:

—Princesa, o meu touro non está á venda, o voso ilustre mago xa está apercebido. Todo o que eu podería facer no voso servizo sería levalo a pacer tódolos días preto do voso pazo; habiades poder acariñalo, darlle

biscoitos, facelo bailar para o voso lecer. Mais cómpre que estea de contino á vista de tódolos animais que me acompañan e que están encargados da súa garda. Se non intenta escapar, eles non lle han facer mal ningún; mais se trata de novo de creba-la cadea conforme el fixo en que vos viu, ¡malpocado! Eu non había responder da súa vida. Ese peixe grande que alí vedes habíao engulir infaliblemente, e gardalo máis de tres días no seu ventre¹²; ou ben esa cobra, que poida que vos parecese abondo doce e agarimosa, poderíalle dar unha picada mortal.

O touro albo, que entendía de marabilla canto dicía a vella, mais que non podía falar, aceptou tódalas súas propostas con fasquía submisiva. Deitouse ós pes dela, reburdeou manseliño, e, fitando a Amaside con meiguería, semellaba dicir: "Víndeme ver algunha vez ó prado". A serpe tomou daquela a palabra e dixo:

—Princesa, eu aconséllvos seguides ás cegas o que a señora de Enarado vos acaba de dicir.

A burra dixo tamén as súas verbas e foi do parecer da serpe. Amaside estaba coitada por aquela serpe e mais aquela burra falaren tan ben, e que un lindo touro, de sentimentos tan nobres, e tan tenros, non os puidese expresar. ¡Ai!, el nada é máis común na corte, dicía a princesa polo baixo, el vense alí tódolos días fermosos señores que non teñen conversa, e túzaros que falan con afouteza.

—Esa serpe non vos é ningún túzaro –dixo Mambrés–; non vos enganades. Poida que sexa a persoa da meirande consideración.

O día mingubaba; a princesa viuse na obriga de volver ó pazo, logo de ter ben prometido retornar no día seguinte á mesma hora. As súas donas palacianas estaban marabilladas e non entendían cousa do que elas viran e escoitaran. Mambrés seguía a matinar.

A princesa, pensando que a serpe chamara á vella "señoriña", concluíu ó chou que era doncela, e sentiu algunha mágoa de o ser ela aínda: mágoa respectable que agachaba con tanto receo coma o nome do seu amigo.

CAPÍTULO TERCEIRO

Cómo a bela Amaside tivo un coloquio secreto cunha bela serpe

A linda princesa recomendou ás súas donas segredo sobre o que viran. Elas todas prometérono, e, de certo, gardárono un día enteiro. Pódese coidar que Amaside durmiu pouco aquela noite. Un engado inexplicable lembráballe a reo a idea do seu belo touro. En que ela puido estar a soas co sabio Mambrés, díxolle:

—¡Ou Sabio! Ese animal faime tolear da cabeza.

—Tamén enche moito a miña, dixo Mambrés; vexo con clarezza que ese querubín está moi por riba da súa especie. Vexo que aí hai un gran misterio, mais temo un acontecemento funesto. Voso pai Amasis é violento e suspicaz. En todo este asunto quere que vos guíedes coa maior prudencia.

—¡Ai! –dixo a princesa–, síntovos curiosidade por de máis para ser prudente; ela é a única paixón que pode xuntarse no meu corazón á que o devora polo amigo que perdín. ¡Como! ¿El non poderei saber quen é ese touro que encirra en min un desacougo tan inaudito?

—Señora –respondeulle Mambrés–, xa vos teño confesado que a miña ciencia mingua conforme a miña idade avanza; mais, ou estou ben enganado ou a cobra está informada do que vós tendes tanta cobiza de saber. Tenvos enxeño, explícase en bos termos, está afeitada dende hai ben tempo a mesturarse nas cuestións das donas.

—¡Ah! Sen dúbida –dixo Amaside–, ¿é a fermosa serpe de Exipto que, metendo a cauda na boca, é o símbolo da eternidade, a que alumea o mundo en que abre os ollos e a que o escurece en que os pecha?

—Non señora.

—¿É daquela a serpe de Esculapio?

—Aínda menos.

—¿El é quizais Xúpiter na forma dunha serpe?

—Dígovos que non, señora; mais todas esas cobras son da mesma familia. Esta ten moita sona no seu país; alí pasa por se-la serpe máis habelenciosa que endexamais se vise. Dirixídevos a ela. Así e todo, advirtovos que é unha empresa moi perigosa. De eu estar no voso sitio, había deixa-lo touro, a burra, a serpe, o peixe, o can, o castrón, o corvo e maila pomba. Mais a paixón arrástravos; todo o que eu podo facer é compadecerme de vós, e tremer.

A princesa conxurouno para que lle procurase un encontro coa serpe. Mambrés, que era bo, consentiu niso; e, sempre a reflexionar fondamente, foi procura-la súa pitonisa. Expúxolle o antollo da súa princesa con tanto aliciamiento que a convenceu.

A vella díxolle entón que Amaside era a ama; que a serpe sabía vivir moi ben; que era moi pulida coas donas; que non pedía outra cousa que compracelas; e que había ir á cita.

O vello mago volveu para lle dar á princesa a boa nova; mais temía aínda algún malfado e seguía sempre a cavilar:

—Querédeslle falar á serpe, señora; ha ser cando lle praza á Vosa Alteza. Lembrádevos de que cómpre moito afagala; pois todo animal está inzado de amor propio, e sobre todo ela. Disque mesmo foi expulsada, outrora, dun fermoso lugar polo seu orgullo sobexo.

—Non o escoitei dicir xamais, retrucou a princesa.

—Ben o creo –retorqui o vello.

Daquela informouna de tódalas bougas que tiñan corrido sobre desa cobra tan famosa.

—Mais señora, sexa a que for a singular aventura que a ela lle acaecese, só lle habedes poder arrinca-lo seu segredo en afagádoa. Nalgún país veciño pasa por terles feito unha falcatruada ás mulleres; é xusto que, á súa vez, unha muller a seduza.

—Hei facer canto poida –dixo a princesa.

Partiu, pois, coas súas donas palacianas e mailo bo mago eunuco. A vella tiña a o touro Albo a pacer. Entón, bastante lonxe, Mambrés deixou a Amaside en liberdade, e foi parolar coa súa pitonisa. A dama de honra departiu coa burra, as damas de compañía distraéronse co castrón, o can, o corvo e maila pomba; o gran peixe, que puña medo a todo o mundo, mergullou de novo no Nilo por orde da vella.

A serpe foi de contado, ante a linda Amaside, para o souto; e ámbalas dúas tiveron esta conversa:

A Serpe: Non podedes imaxina-lo moi afagada que estou, señora, pola honra que a vosa alteza se digna facerme.

A Princesa: Señora, o voso gran creto, a finura da vosa fisionomía e mailo brillo dos vosos ollos determináronme de grado a procurar este encontro. Sei pola voz pública (de ela non enganar) que fostes un grande señor no ceo empíreo.

*A Serpe*¹³: É certo, señora, que eu tiña alí un posto abondo distinguido, pretenden que son un favorito caído: Évos unha bouga que correu primeiro na India¹⁴. Os Braumáns son os primeiros que deron unha historia longa das miñas aventuras. Eu non dubido de os poetas do norte faceren un día un poema épico ben choqueiro; pois, de certo, é todo o que se pode facer. Mais non estou tan caída como para non ter aínda neste globo un dominio ben considerable. Case ousaría dicir que toda a terra me pertence.

A Princesa: Créoo, señor, pois din que ténde-lo talento de persuadir de todo o que queredes; e é reinar máis que agradar.

A Serpe: Sinto, señora, en véndovos e en escoitándovos que tendes sobre min ese imperio que me atribúen sobre tantas outras almas.

A Princesa: Sodes, paréceme a min, un vencedor amable. Pretenden que levades seducido a ben de donas, e que principiastes pola nosa nai común, da que esquecín o nome.

A Serpe: Fáiseme agravio: Eu deille o mellor consello do mundo. Honrábame ela coa súa confianza. E o meu parecer foi que ela e mailo seu home debían de fartarse do froito da árbore da ciencia. Unha árbore tan necesaria para o xénero humano non me parecía plantada para ser inútil. ¿El había quere-lo amo ser servido por ignorantes e mais idiotas? ¿El non é feito o espírito para se ilustrar, para se perfeccionar? ¿El non cómpre coñece-lo ben e o mal para facermos un e evitármo-lo outro? De certo debíame agradecemento.

A Princesa: Sen embargo, din que vos resultou mal. É aparentemente dende esa época cando tantos ministros teñen sido castigados por daren bos consellos, e cando tantos sabios verdadeiros e grandes xenios foron perseguidos por teren escrito cousas útiles para o xénero humano.

A Serpe: Paréceme, señora, que son os meus inimigos quen vos foron con eses contos. Van berrando que eu estou mal situado na corte. Unha proba de eu ter alí o meirande creto é que eles propios confesan que entrei no Consello cando houbo que probar ó bo home do Xob; e que fun de novo chamado cando se tomou a decisión de enganar a un certo reiciño chamado Acab¹⁵: Fun eu só quen se encargou dese nobre mandado.

A Princesa: ¡Ai! Señor, non coido que esteades feito para enganar. Mais pois que estades sempre no misterio, ¿pódovos eu pedir unha mercé? Espero que un señor tan amable non ma ha negar.

A Serpe: Señora, os vosos rogos son leis. ¿El que mandades?

A Princesa: Eu conxúrovos a me dicir quen é ese fermoso touro albo polo que experimento en min sentimentos incomprendibles que me amolecen e me espantan. Dixéronme que vós habíadesvos dignar informarme.

A Serpe: Señora, a curiosidade élle necesaria á natureza humana, e sobre todo ó voso amable sexo; sen ela, habíamos podreecer na ignorancia máis vergoñenta. Eu satisfíxen decote, tanto como puiden, a curiosidade das damas. E acúsanme de ter eu esta compracencia só para afronta-lo amo das cousas. Xúrovos que o meu único obxectivo sería agradarvos; mais a vella debeu de vos advertir que hai un certo perigo para vós na revelación dese segredo.

A Princesa: ¡Ai! El é o que me volve aínda máis curiosa.

A Serpe: Aí recoñezo a tódalas lindas donas ás que levo feito servicios.

A Princesa: Se sodes sensible, se tódolos seres se deben acorros mutuos, se tendes piedade dunha malpocada, non me rexeitedes.

A Serpe: Fendédesme o corazón: cómpre satisfacervos; mais non me interrompedes.

A Princesa: Prométovolo.

A Serpe: Había un rei novo, fermoso, propio para un cadro, namorado, amado...

A Princesa: ¡Un rei novo! ¡Fermoso, propio para un cadro, namorado, amado! ¿E de quen? ¿E cal era ese rei? ¿El que tempo tiña? ¿E que foi del? ¿Cal é o seu nome?

A Serpe: Velaquí que me interrompedes, cando non ben principiei. Tende tino: de non terdes máis dominio sobre vós mesma, estades perdida.

A *Princesa*: ¡Ai! Perdón, Señor, esa indiscreción non se volverá repetir; continuade, por favor.

A *Serpe*: Ese gran rei, o máis amable e máis valoroso dos homes, victorioso onde queira que levase as súas armas, soñaba a miúdo ó adormecer; e, cando esquecía os seus soños, quería el que os seus magos llos lembrasen, e que lle aprendesen o que soñara; sen o cal, facíaos pendurar a todos, pois nada é máis xusto. Pois, el haberá logo sete anos, soñou un fermoso soño do que perdeu a memoria ó acordar; e, explicándolle o seu soño un mozo xudeu¹⁶ cheo de experiencia, ese amable rei foi de súpeto trocado en boi¹⁷, porque...

A *Princesa*: ¿Ai! Évo-lo meu querido Nabu...

Non puido ela acabar; caeu desfalecida. Mambrés, que escoitaba de lonxe, viuna caer e coidou que era morta.

CAPÍTULO CUARTO

Conforme quixeron sacrifica-lo touro e esconxurara-la princesa

Mambrés corre cara a ela, a chorar. A serpe amolécese; non pode chorar, mais asubía nun ton lúgubre; berra el:

—¡Morreu!

A burra repite:

—¡Morreu!

O corvo asegúndao; tódolos outros animais parecían posuídos da dor, fóra o peixe de Xonás, que sempre foi desapiadado. A dama de honra, as donas palacianas chegan e arrepelan nos cabelos. O touro albo que pacía ó lonxe e que oe os seus brados, corre para o soutelo e arrastra a vella con el, ceibando urros dos que retumban os ecos. De balde tódalas donas verten sobre Amaside expirante os seus frascos de auga de rosas, de durmideira, de murta, de benxuí, de bálsamo da Meca, de canela, de xenxibre, de cravo, noz moscada, de ámbar gris. Non tiña dera ela ningún sinal de vida; mais, en que sentiu o lindo touro ó seu carón, volveu no seu acordo máis fresca, máis bela, máis animada ca nunca. Deulle cen bicos ó animal cativante que penceaba con langor a testa sobre o seu seo alabastrino. Chámao ela:

—Meu dono, meu rei, meu corazón, miña vida.

Pasa os seus brazos de marfil arredor daquel colo máis albo cá neve. A palla liviá xúntase con menos forza ó ámbar, a viña ó choupo, a edra á aciñeira. Sentíase o doce murmurio dos seus suspiros; víanse os seus ollos, por veces a escintilar cunha tenra lapa, outras ofuscados por esas bágoas preciosas que o amor fai derramar.

Xúlguese en que sorpresa estaban ensumidas a dama de honra de Amaside e mailas donas de compañía. En que tornaron ó pazo, todas elas contaron ós seus amantes esta aventura estraña, e cada unha con circunstancias diferentes que amedraban a singularidade e que contribúen sempre á variedade de tódalas historias.

En que Amasis, rei de Tanis, resultou informado diso, o seu real corazón foi posuído dunha xusta cólera. Tal foi a carraxe de Minos cando soubo que a súa filla¹⁸ Pasifae lle prodigaba os tenros favores ó pai do Minotauro. Así arrepiou Xuno ó ver a Xúpiter seu esposo acariñar na linda vaca Ío, filla do río Ínaco. Amasis fixo pecha-la linda Amaside no seu cuarto, e puxo unha garda de eunucos negros na porta dela: logo, xuntou o seu consello secreto.

Presidíao o gran mago Mambrés, mais xa non tiña o creto de outrora. Tódolos ministros de Estado concluíron que o touro albo era un meigo. E era todo o contrario: estaba enmeigado; mais, nestes asuntos delicados, engánanse sempre na corte.

Pois determinouse, á pluralidade de votos, que cumpría esconxura-la princesa, e sacrifica-lo touro albo e maila vella.

O sabio Mambrés non quixo para nada contradici-la opinión do rei e mais do consello. Era a el a quen pertencía o dereito de face-los esconxuros. Podíaos diferir so un pretexto ben plausible. O deus Apis acababa de morrer en Méfnis. Un deus boi morre coma outro calquera. E non era permitido esconxurar a ninguén en Exipto deica non atoparen outro boi quen de substituí-lo defunto.

Daquela, decretouse no Consello que agardarían o nomeamento que se debía de facer do novo deus en Méfnis.

O bo ancián Mambrés percibía o perigo ó que se achaba exposta a súa querida princesa: vía quen era o seu amigo. As sílabas "Nabu", que lle escaparan, descubriran todo o misterio para os ollos daquel sabio.

A dinastía¹⁹ de Méfnis pertencía entón ós babilonios; conservaban ese resto das súas conquistas pasadas, que fixeran baixo o meirande rei do mundo, do que Amasis era inimigo mortal. A Mambrés cumpríalle todo o seu siso para guiarse ben no medio de tantos atrancos. De o rei Amasis descubri-lo amigo da súa filla, ela morría, tíñao el xurado. O grande, o novo, o fermoso rei por quen ela estaba engaiolada, destronara a seu pai, que non recobrara o reino de Tanis senón despois de case sete anos, nos que non se sabía o que acontecera co adorable monarca, o vencedor ídolo das nacións, o tenro e xeneroso amigo da cativante Amaside. Mais tamén, en sacrificando o touro, facían morrer infaliblemente á linda Amaside de dor.

¿El que podía facer Mambrés en circunstancias tan espiñentas? Vai procura-la súa querida afillada ó saír do consello, e dille:

—Miña nena linda, eu servireivos; mais repítovolo, hanvos corta-lo pescozo, de pronunciardes algunha vez o nome do voso amigo.

—¡Ai! ¡El que me importa o meu colo —dixo a linda Amaside— se non podo bica-lo de Nabuco...! ¡Meu pai évos home ben ruín! Non só rexeita dar-me o belo príncipe que eu idolatro, mais decláralle a guerra; e, en que foi el vencido polo meu amigo, topou o segredo para o trocar en boi. ¿El tense visto nunca malicia máis arrepiante? De meu pai non se-lo meu pai, non sei eu o que lle faría.

—Non é voso pai quen lle fixo esa cruel xogada —dixo o sabio Mambrés—, é un palestino, un dos nosos vellos inimigos, o habitante dun país pequeno comprendido na manchea de estados que o voso augusto amigo domeou para os civilizar. Esas metamorfoses non vos deben de sorprenden; ben sabedes que, antano, as facía eu máis fermosas. E nada era máis común entón ca esas mudanzas, que abraian hoxe en día ós sabios. A historia verdadeira, que lemos xuntos, aprendeunos que Licaón, rei da Arcadia, foi mudado en lobo. A bela Calisto, filla del, foi trocada en osa; Ío, filla de Ínaco, a nosa venerable Ise, en vaca; Dafne en loureiro; Sirins, en fruta. A linda Edith, muller de Loth, o mellor, o máis tenro pai que endexamais se vise, ¿non virou ela, na nosa veciñanza, unha grande estatua de sal ben fermoso e ben saboroso, que conservou tódalas marcas do seu sexo, e que ten regularmente as súas regras cada mes²⁰, conforme o testemuñan os grandes homes que o viron? Eu fun testemuña desta mudanza na miña xuventude. Vin cinco vilas poderosas, na morada do mundo máis seca e máis árida, transformadas de súpeto nun fermoso lago. Na miña mocidade só se camiñaba sobre metamorfoses.

»En fin, señora, se os exemplos poden adoza-la voso mágoa, lembre que Venus mudou os Cerastas en bois.

—Ben o sei —dixo a malpocada princesa—. Mais, ¿os exemplos confortan? De meu amigo estar morto, ¿habíame conforta-la idea de tódolos homes morreren?

—A voso mágoa pode rematar —dixo o sabio—. E pois que o voso tenro amigo virou en boi, ben vedes que de boi pode virar en home. Tocante a min, cumpriría que me virasen tigre ou crocodilo, de eu non emprega-lo pouco de poder que me resta en servir a unha princesa digna das adoracións da terra, a linda Amaside que eu criei no meu colo, e a quen o seu fatal destino coloca en probas tan crueis.

CAPÍTULO QUINTO

Cómo o sabio Mambrés se conduciu con sabenza

O divino Mambrés, logo de lle dicir á princesa todo o que cumpría para confortala, e non a confortando, correu lixeiro na procura da vella.

—Miña compañeira —díxolle—, o noso oficio é fermoso, mais é ben perigoso: corréde-lo risco de ser enforcada, e o voso boi de ser queimado, ou afogado, ou comido. E non sei o que ha facer cos outros animais vosos, pois, con todo o profeta que son, seivos ben poucas cousas, mais agachade con tino a serpe e mailo peixe; que un non saque a cabeza fóra da auga, e que a outra non saia do seu burato. Hei poñe-lo boi nun dos meus currais no campo, vós estaredes alí onda el, pois que dicides que non vos é permitido abandonalo. O carneiro emisario poderá no seu conxeito, servir de expiatorio; habémolo mandar para o deserto cargado cos pecados da tropa: estavos afeito a esta cerimonia que non lle fai mal ningún; e el sabemos que todo é expiado en que se pasea a un castrón. Eu rógovos tan só que me emprestéde-lo can de Tobías, que é un lebreiro moi áxil, a burra de Balaam, que corre máis ca un dromedario; o corvo e mailo pombo da arca, que voan moi lixeiro. Quero mandalos en embaixada a Ménfis para un asunto da máxima importancia.

A vella respondeulle ó mago:

—Señor, podedes dispor ó voso gusto do can de Tobías, da burra de Balaam, do corvo e mais da pomba da arca, e tamén do castrón expiatorio, pero o meu boi non se pode deitar nun cortello. Foi dito que debe estar atado a unha cadea de aceiro, que debe estar sempre mollada polo orballo, e pacer na herba sobre a terra²¹, e que a súa porción ha estar cos animais bravos. Confióuseme, eu teño que obedecer. ¿El que habían pensar de min Daniel, Ezequiel, Xeremías, se eu confiase o meu boi a outras persoas diferentes? Vexo que sabéde-lo segredo dese estraño animal. Non teño que reprobar térvolo revelado. Vouno levar lonxe desta terra impura, contra do lago Sirbón, lonxe das crueldades do rei de Tanis. O meu peixe e maila miña serpe hanme defender; eu non temo a ninguén cando sirvo ó meu amo.

O sabio Mambrés contestou así:

—Boa amiga, ¡a vontade de Deus xa está feita! Con tal que eu volva atopa-lo noso touro albo, non me preocupa nin o lago de Sirbón, nin o lago de Sodoma; eu non quero senón facerlle ben, e tamén a vós. Mais, ¿el por que me falastes de Daniel, de Ezequiel e de Xeremías?

—¡Ai Señor! —respondeu a vella—, sabedes tan ben coma min o interese que eles tiveron neste grande asunto, mais non teño tempo que perder; non quero que o meu touro sexa queimado, ou afogado, ou comido. Vouvos onda o lago de Sirbón, pola parte de Cánope, coa miña serpe e mailo meu peixe. Adeus.

O touro seguiu na moi pensativo, logo de lle testemuñar ó benfeitor Mambrés o recoñecemento que lle debía.

O sabio Mambrés estaba nunha certa inqueda, comprendía ben el que Amasis, rei de Tanis, desesperado coa louca paixón da súa filla por ese animal, e coidándoa enmeigada, faría perseguir por xalundes o malfadado touro, que había ser infaliblemente queimado, en calidade de meigo, na praza pública de Tanis; ou entregado ó peixe de Xonás, ou rustrido, ou servido á mesa. Quería el, a calquera prezo, aforrarlle esa mágoa á princesa.

Escribiulle unha carta ó sumo sacerdote, seu amigo, en caracteres sagrados, sobre do papel de Exipto que non estaba aínda en uso²². Velaí as propias palabras da súa carta:

"Luz do mundo, lugartenente de Ise, de Osiris e mais de Horus, xefe dos circuncisos, vós, co altar ergueito, conforme é xusto, por riba de tódolos tronos; son informado de que o voso deus o boi Apis é morto. Teño eu outro para o voso servizo. Vinde axiña cos vosos sacerdotes recoñecelo, adoralo e guíalo ás cortes do voso templo. Que Ise, Osiris e mais Horus vos teñan na súa santa e digna garda. ¡E a vosoutros, señores sacerdotes de Ménfis, na súa santa garda!

Voso afectuoso amigo.

Fixo catro duplicados desta carta, por medo de accidentes, e pechounos nun estoxo de pao do ébano máis duro. Logo, chamando ós catro correos que destinara para esta mensaxe (eran a burra, o can o corvo e maila pomba), díxolle á burra:

—Eu sei con qué fidelidade servistes a Balaam, meu confrade; servídeme o mesmo. Non hai onocrótalo²³ que vos iguale a correr; ide, miña querida amiga, entregádelle a miña carta na man propia, e retornade.

A Burra respondeulle:

—Conforme servín a Balaam, hei servir a monseñor; irei e volverei.

O sabio púxolle o bastón de ébano na boca, e partiu ela coma unha frecha.

Logo fixo vi-lo can de Tobías, e díxolle:

—Can fiel, e máis preste na carreira que Aquiles dos pés lixeiros, eu sei o que fixestes por Tobías, fillo de Tobías, cando vós e mailo anxo o acompañastes de Nínive ata Ragués, na Media, e de Ragués deica Nínive, e que lle trouxo ó seu pai dez talentos²⁴ que o escravo Tobías pai emprestara ó escravo Gabelo: pois que aqueles escravos eran ricos abondo. Levade ó seu enderezo esta carta que é mais preciosa cós talentos de prata.

O can respondeulle:

—Señor, se seguín noutrora o mensaxeiro Rafael, ben podo eu do mesmo xeito face-la vosa encarga.

Mambrés púxolle a carta no fociño. E díxolle o propio lle dixo á pomba. Esta contestoulle:

—Señor, se levei un ramallo á arca, heivos traer igual a vós a resposta.

Colleu a carta co peteiro. E nun intre perdéronse de vista todos tres.

Logo díxolle ó corvo:

—Eu sei que mantivestes ó grande profeta Elías²⁵, cando estaba agachado preto da enxurrada Carit, de tanta sona en toda a terra. Vós levabádeslle a cotío bo pan e galiñas da ceba; non vos pido máis que levardes esta carta a Ménfis.

O corvo respondeu con estas verbas:

—É certo, señor, que lle levaba a cotío de xantar ó gran profeta Elías o tesbita, ó que eu vin rubir na atmosfera sobre un carro de lume arrastrado por catro cabalos de lume, anque non sexa o costume; mais eu sempre collía a metade da mantenza para min, vou levar de boa gana a vosa carta con tal de me asegurardes dous bos xantares cada día e de me pagardes por adiantado en diñeiro efectivo pola miña encarga.

Mambrés, alporizado, díxolle ó animal:

—Larpán e ruín, non me estraña que Apolo, de branco coma un cisne que ti eras, te virase mouro coma unha toupa, cando nas chairas de Tesalia traizoáche-la bela Coronis²⁶ malpocada nai de Esculapio. ¡Ei! Dime entón, ¿el comías de cote lombo de vitela e galiñas da ceba, cando estiveches dez meses na arca?

—Señor, alí faciamos ben bos xantares, respondeu o corvo. Servíanlles rustridos, dúas veces por día, a tódolos volátiles da miña especie, que só viven de carne, como voitres, miñatos, aguias, gabiáns, falcóns, mouchos e a catropea innumerable das aves de presa. Fornecían con abastanza ben meirande as mesas dos leóns, leopardos, tigres, panteras, onzas, hienas, lobos, osos, raposos, garduñas e máis de tódolos cuadrúpedes carnívoros. E había alí na arca oito persoas de nota, as únicas que houbera daquela no

mundo, ocupadas arreo do coidado da nosa mesa e do noso celeiro; a saber: Noé e maila súa muller, que non tiñan a penas máis de seiscentos anos, os seus tres fillos e as súas tres esposas. Era un pracer ver con que coidado, con que limpeza os nosos oito criados servían a máis de catro mil convidados do meirande apetito, sen contármolos esforzos prodixiosos que esixían a outras dez ou doce mil persoas, dende o elefante e a xirafa ata os vermes da seda e as moscas²⁷. E o que máis me abraía é que o noso provedor Noé sexa descoñecido de tódalas nacións das que é el o tronco; máis iso non me preocupa moito. Xa me eu atopara nunha festa semellante²⁸ en cas do rei de Tracia, Sisutre. Estas cousas ocorren de tempo en tempo para ensino dos corvos. Nunha palabra, quero ter un bo xantar, e ser ben pago en diñeiro e de contado. O sabio Mambrés gardouse ben de lle da-la súa carta a un animal tan difícil e tan larapeteiro. Separáronse moi descontentos un do outro.

Así e todo, cumpría sabe-lo que ía acontecer co famoso touro; e non perderon o rastro da vella e mais da serpe. Mambrés mandou uns criados intelixentes e fieis para os seguiren; e el avanzou en palanquín pola beira do Nilo, sempre a cavilar. "¿El como pode ser", dicía para si, "que esa serpe sexa a dona de case toda a terra, conforme se ela gaba e tantos doutos confesan, e que, porén, obedeza a unha vella? ¿El como é que ás veces sexa chamada ó consello de alá enriba, cando repta pola terra? ¿Por que entra tódolos días no corpo da xente só pola súa virtude, e por que tantos sabios tentan desalojala deles con palabras? En fin, ¿como é que pasa nun pequeno poboado da veciñanza por ter perdido ó xénero humano, e como a xente humana non sabe nada diso? Son vello abondo, levo a estudar toda a miña vida, mais vexo eu aí unha chea de incompatibilidades que non podo conciliar. Non podería explica-lo que me aconteceu a min mesmo, nin as grandes cousas que eu fixen noutrora, nin aquelas das que fun testemuña. E todo ben pesado, principio a sospeitar que este mundo subsiste por mor de contradicións: «Rerum concordia discors», conforme dicía antano o meu mestre Zoroastro²⁹ na súa lingua".

Mentres andaba mergullado nesta metafísica escura, conforme é toda metafísica, un barqueiro, cantando unha cantiga de bebedeira, amarrou unha lanchiña preto da ribeira. Víronse saír dela tres graves personaxes, medio vestidos de farrapos lordentos e esgazados, mais que conservaban so aquelas libreas da pobreza a fasquía máis maxestosa e augusta. Eran Daniel, Ezequiel e máis Xeremías.

CAPÍTULO SEXTO

Cómo Mambrés atopou tres profetas e deulles un bo xantar

Aqueles tres grandes homes, que tiñan a luz profética no rostro, recoñeceron o sabio Mambrés como un dos seus confrades por algunhas raiolas desa mesma luz que lle quedaban aínda, e prostráronse diante do seu palanquín. Mambrés tamén os recoñeceu como profetas, aínda máis polos seus hábitos que polos raios de lume que saían das súas testas augustas. Sospeitou el con fundamento que viñan saber novas do touro albo; e facendo uso da súa prudencia habitual, baixou do seu vehículo e avanzou algúns pasos cara a eles cunha cortesía mesturada de dignidades. Fíxoos erguer e mandou alzar unhas tendas e dispoñer un xantar, que coidaba que os tres profetas necesitaban abondo.

Fixo convida-la vella, que estaba aínda a uns cincocentos pasos. Acudiu ela á convidada, e chegou levando sempre o touro albo da trela.

Serviron dúas sopas: unha de cangrexos, a outra á raíña; as entradas foron unha torta de linguas de carpa, fígados de rapas e de lucios, polos ó pistacho, inocentes³⁰ con trufas e olivas, dous paviños con suco de cangrexos de río, *muceróns* e *morillas*, e mais unha salchicha encebollada. O rustrido estivo composto de faisáns, perdices novas, pitas, paspallás e hortelás, con catro saladas. No medio había un centro de mesa da última moda. E nada foi máis delicado cós peperetes; nada máis magnífico, máis brillante e máis enxeñoso cá sobremesa.

De resto, o discreto Mambrés tivo bo coidado de que nesta comida non houbese nin peza de cocido, nin lombo de vitela, nin lingua, nin padal de boi, nin tetos de vaca, por medo de que o malpocado monarca, que asistía de lonxe ó xantar, se considerase insultado.

Aquel grande e malfadado príncipe pacía na herba cabo da tenda. Endexamais sentiu el máis cruelmente a fatal revolución que o privara do trono por sete anos enteiros. "¡Ai!", dicía para si, "ese Daniel, que me mudou en touro, e esta meiga de pitonisa que me garda para papa-la mellor comida do mundo; ¡e eu, o

soberano da Asia, véxome na obriga de comer feo e de beber auga!"

Beberon viño a oito de Engadoi, de Tadmor e mais de Chiraz³¹. En que os profetas e maila pitonisa estiveron un algo chispos, falouse con máis confianza que nos primeiros pratos.

—Confeso —dixo Daniel—, que non xantaba eu tan ben cando estaba no foxo dos leóns.

—¡Como! Señor, ¿metéronvos no foxo dos leóns? —preguntou Mambrés—, ¿e como non vos enguliron?

—Señor —dixo Daniel—, ben sabedes que os leóns non devoran nunca profetas.

—O que é eu —dixo Xeremías—, pasei toda a vida a morrer coa fame; nunca tiven tan bo xantar coma o de hoxe. De volver eu nacer, e de poder escolle-lo meu estado, confeso que había querer mellor cen veces ser interventor xeral, ou bispo en Babilonia que profeta en Xerusalén.

Ezequiel dixo:

—Dunha vez mandáronme durmir trescentos noventa días seguidos sobre o costado esquerdo e comer en todo ese tempo pan de centeo, de millo miúdo, de herbellas, de fabas e mais de trigo cuberto de³² ..., non me atrevo a dicilo. E todo o que puideren conseguir foi cubri-lo con bosta de vaca³³. Confeso que a cociña do señor Mambrés é máis delicada. Así e todo, o oficio de profeta tenvos algo de bo; e a proba é que milleiros de persoas se meten a iso.

—Por certo —dixo Mambrés—, explicádeme: ¿El que entendedes pola vosa Ohlá e mais pola vosa Ohlibá³⁴, que facían tanto caso dos cabalos e mais dos asnos?

—¡Ai! —respondeu Daniel—, sonvos flores da retórica.

Logo destes espaxamentos do corazón, Mambrés falou de negocios. Preguntou ós tres peregrinos por qué viñeran eles ós estados do rei de Tanis. Coleu a palabra Daniel e dixo: que o reino de Babilonia estivera a arder; des que Nabucodonosor desaparecera, que perseguiran a tódolos profetas, conforme a usanza da corte; que gastaban a vida tanto a ver reis ós seus pés coma en recibiren cen zorregadas; que, ó cabo, víranse na obriga de se refuxiar en Exipto por medo de seren lapidados. Ezequiel e mais Xeremías faloron tamén ben tempo nun estilo abondo fermoso, que a penas se podía comprender. A pitonisa, tiña sempre o ollo posto no seu animal. O peixe de Xonás permanecía no Nilo, fronte da tenda, e a serpe brincaba entre a herba.

Logo do café, foron pasear pola beira do Nilo. Daquela, o touro albo, dexergando os tres profetas seus inimigos, ceibou uns urros medoñentos; logo lanzouse impetuosamente contra eles e feriu-os cos seus cornos; e como os profetas só teñen a pel sobre dos ósos, había-os furar de banda a banda e tirá-lle-la vida, mais o amo das cousas, que ve todo e que todo remedia, mudounos de contado en pegas, e eles seguiron a falar coma denantes. A mesma cousa lles aconteceu despois ás Piérides³⁵, tanto a fábula leva imitado a historia.

Este novo incidente producía novas cavilacións no espírito do sabio Mambrés.

—Velaí —dicía el—, tres grandes profetas mudados en pegas; iso débenos aprender a non falarmos de máis, e a gardarmos sempre unha discreción axeitada.

E concluía el que a sabedoría vale máis cá elocuencia; e pensaba fondamente, conforme o seu costume, cando un grande e terrible espectáculo veu sorprende-las súas olladas.

CAPÍTULO SÉTIMO

Chega o rei de Tanis. A súa filla e mailo Touro van ser sacrificados

Remuíños de po alzábanse do Mediodía ó Norte. Sentíase o ruído de tambores, trompetas, pínfaros, salterios, cítolas, sambucas; ben de escuadróns con ben de batallóns avanzaban, e Amasis, rei de Tanis, ía á fronte deles sobre dun cabalo enfeitado cunha galdrapa escarlata broslada de ouro; e os farautes berraban:

—Que pillen o touro albo, que o aten, que o chimpan no Nilo, e que llo dean de comer ó peixe de Xonás: pois El-rei meu señor, que é xusto, quérese vingar do touro albo que enmeigou á súa filla.

O bo do vello Mambrés fixo cavilou máis ca nunca. Ben se decatou de que o ruín corvo fora dicirle todo ó rei, e de que a princesa correra gran perigo de verse co colo cortado. Díxolle el á serpe:

—Miña querida amiga, ide axiña conforta-la linda Amaside, miña afillada; dicídelle que non tema cousa, pase o que pasa, e contádelle contos para distrae-la súa inquedaanza, pois os contos divirten sempre ás nenas, e só con contos é como se triúnfa no mundo.

Logo prosternouse diante de Amasis, rei de Tanis, e díxolle:

—¡Ou, rei! Vivide para sempre. O touro albo debe ser sacrificado, pois vosa Maxestade ten sempre razón; mais o amo das cousas di: "Este touro non ha ser comido polo peixe de Xonás senón logo de que Ménfis atope un deus que pór no sitio do seu deus que morreu. Daquela seredes vingado, e a vosa filla será esconxurada; pois ela está posuída. Sodes piadoso de máis para non obedecérde-las ordes do amo das cousas".

Amasis, rei de Tanis, quedou ficou pensativo; e díxolle:

—O boi Apis é morto; ¡teña Deus a súa alma! ¿El cando coidades que atoparán outro boi para reinar sobre o fecundo Exipto?

—Señor —dixo Mambrés—, só vos pido oito días.

O rei, que era moi devoto, dixo:

—Concédovolos, e quero ficar aquí oito días; logo, hei sacrifica-lo seductor da miña filla.

E fixo vi-las súas tendas, os seus cocifeiros, os seus músicos, e quedou oito días naquel sitio, conforme se di en Manetón³⁶.

A vella estaba no desespero, vendo que ó touro que gardaba non lle restaban máis ca oito días de vida. Facía ela aparecer, tódalas noites, sombras ó rei para o afastar da súa cruel resolución. Mais o rei non se lembraba xa, de mañá, das sombras que vira á noite, igual que Nabucodonosor esquecera os seus soños.

CAPÍTULO OITAVO

Cómo a serpe lle contou contos á princesa, para consolala

Entrementres, a serpe contáballe historias á linda Amaside para calma-las súas dores. Díxalle ela cómo curara outrora todo un pobo da picada de certas cobras pequenas con só amosarse no cabo dun bastón. Aprestáballe as conquistas dun heroe³⁷ que fixo un contraste tan belo con Anfión, arquitecto de Tebas, en Beocia. Este Anfión facía anda-las pedras talladas co son do violín: un rigodón e un minueto abondábanlle para construír unha vila, mais o outro destruíaaas co son da corneta; fixo enforcar trinta e tres reis moi poderosos nunha bisbarra de catro leguas de longo e máis de ancho, fixo chover grosas pedras do alto do ceo sobre un batallón de inimigos que fuxían diante del, e logo de os exterminar desa maneira parou o sol e maila lúa en pleno mediodía para seguir a extermalos entre Gabaón e Aialón no camiño de bet-Horón, á imitación de Baco, que parara o sol e maila lúa na súa viaxe ás Indias.

A prudencia que toda serpente debe de ter non lle consentiu que falase á linda Amaside do poderoso bastardo Xefté, que lle cortou o pescozo á súa filla, por que gañara el unha batalla; tería cimbrado terror por de máis no corazón da linda princesa, mais contoulle as aventuras do gran Sansón, que mataba filisteos cunha queixada de asno, que ataba trescentos raposos polo rabo, e que caeu nas redes dunha moza menos

linda, menos tenra e menos fiel cá cativante Amaside.

Contáballe os amores de Siquén e da agradable Diana, de dezaseis anos, e os amores máis afortunados de Booz e de Ruth, os de Xudá coa súa nora Thamar, os de Loth coas súas dúas fillas que non querían que o mundo acabase, os de Abrahán e mais Xacobo coas súas criadas, os de Rubén coa súa nai, os de David e Bethsabé, os do gran rei Salomón, en fin, todo o que podía para esvae-la dor dunha linda princesa.

CAPÍTULO NOVENO

Cómo a serpe non a consolou de xeito ningún

—Todos eses contos aborrécenme —replicou a linda Amaside, que tiña enxeño e máis gusto—. Só son bos para que os comente entre os irlandeses ese tolo de Abbadie, ou entre os velchas ese paroleiro de Horeville³⁸. Os contos que se lle podían contar á trastataraboa da trastaraboa da miña aboa xa non son bos para min, que fun educada polo sabio Mambrés, e que lin o *Entendemento Humano* do filósofo exipcio Locke³⁹ e *A Madroa de Éfeso*⁴⁰. Eu quero que un conto estea baseado na verosimilitude, e que non lle imite sempre a un soño. Desexo que non teña nada de trivial nin de chocalleiro. Eu gustaría, sobre todo, de que, so o veo da fábula, deixase entrever ós ollos adestrados algunha verdade fina que escape ó vulgo. Estou cansa do sol e máis da lúa dos que unha vella dispón ó seu lecer, das montañas que danzan, e dos ríos que soben deica a súa fonte, e dos mortos que rexorden; mais, sobre todo, cando esas parvalladas están escritas nun estilo ampuloso e inintelixible, dáme noxo. Comprendedes que a unha moza que teme ver enguli-lo seu amigo por un grande peixe e verse a si mesma co colo cortado polo propio pai, cómprelle que a distraian; mais intentade distraerme conforme ó meu gusto.

—Impoñédesme un labor ben difícil —retrucou a serpe—. Noutrora podería eu facervos pasar algúns cuartos de hora bastante agradables; mais perdín hai algún tempo a imaxinación e maila memoria. ¡Ai! ¿El onde vai o tempo en que eu distraía as raparigas? Vexamos, así e todo, se me podo lembrar dalgún conto normal para compracervos.

»Hai vintecinco mil anos que o rei Gnaof e maila raíña Patra estaban no trono de Tebas das cen portas. O rei Gnaof era moi fermoso, e a raíña Patra aínda máis fermosa; pero non podían ter nenos. O rei Gnaof ofreceu un premio a quen lle aprendese o mellor método para perpetua-la raza real.

»A facultade de Medicina e maila Academia de Cirurxía confeccionaron tratados excelentes sobre esta cuestión importante: ningún tivo éxito. Mandaron a raíña ás augas; fixo novenas; deulle diñeiro abondo ó templo de Xúpiter Ammón, de onde vén o sal amoniacal: Todo foi escusado. Por fin, un sacerdote novo, de vintecinco anos, presentouse ó rei, e díxolle: "Señor, eu coido saber face-lo conxuro que logra o que Vosa Maxestade arela con tanto ardor. Cómpre que eu lle fale en segredo á orella da vosa señora muller; e se ela non vira fecunda, consinto en ser enforcado".

—Acepto a vosa proposta —dixo o rei Gnaof.

Deixaron a raíña e mailo crego xuntos non máis dun cuarto de hora. A raíña empreñou, e o rei quixo facer enforca-lo sacerdote.

—¡Meu deus! —dixo a princesa—, ben vexo a onde leva iso: o conto é vulgar por de máis, diríavos que mesmo alarma o meu pudor. Contádeme algunha fábula ben verdadeira, ben comprobada e ben normal, da que non sentise eu falar endexamais, para acabardes de me forma-lo espírito e mailo corazón, como di o profesor exipcio Linro⁴¹.

—Velaquí unha, señora —dixo a fermosa serpe—, que é das máis verdadeiras.

»Había tres profetas, todos tres igualmente ambiciosos e aborrecidos polo seu estado. A súa loucura era quererem ser reis; pois non hai máis ca un paso do rango de profeta ó de monarca, e o home aspira sempre a subir tódolos chanzos da escada da fortuna. Por outra banda, os seus gustos, os seus praceres, eran absolutamente diferentes. O primeiro predicaba de forma admirable ós seus irmáns reunidos que lle batían as mans; o segundo era tolo pola música; o terceiro amaba con paixón as mozas. O anxo Ituriel presentouse

a eles un día que estaban á mesa e parolaban das dozuras da realeza.

"O amo das cousas", díxolles o anxo, "envíame a vós para recompensa-la vosa virtude. E non só habedes ser reis, senón que habedes satisfacer arreo as vosas paixóns. A vós, primeiro profeta, fágovos rei de Exipto, e sempre habedes ter arredor o voso consello, que ha bate-las mans ante a vosa elocuencia e a vosa prudencia. Vós, segundo profeta, reinaredes sobre Persia, e habedes sentir de contino unha música divina. E a vós, terceiro profeta fágovos rei da India, e douvos unha amiga cativante que non vos ha deixar nunca."

»Aquel a quen lle tocou en sorte Exipto comezou por xunta-lo seu consello privado, que compoñían só douscentos sabios. Fíxolles, conforme a etiqueta, un longo discurso que foi moi aplaudido, e o monarca gorentou a doce satisfacción de se embriagar de gabanzas que non estaban corrompidas por afago ningún.

»O consello de asuntos estranxeiros sucedeu ó consello privado. Foi ben máis numeroso; e un novo discurso recibiu aínda máis eloxios. Aconteceu o propio nos outros consellos. E non houbo un intre de relaxamento nos praceres e mais na gloria do profeta rei de Exipto. A bouga da súa elocuencia encheu toda a terra.

»O profeta rei de Persia principiou por facer que lle recitasen unha ópera italiana, da que cantaban os coros mil cincocentos capados. As súas voces remexíanlle a alma ata o miolo dos ósos, onde ela reside. A esa ópera sucedía outra, e a esta unha terceira, sen interrupción.

»O Rei da India pechouse coa súa amiga, e gorentou con ela unha voluptuosidade perfecta. Consideraba como soberana felicidade a necesidade de acariñala sempre, compadecendo a triste sorte dos seus dous confrades, pois que se vían reducidos un a estar sempre reunido co seu consello e outro a estar sempre na ópera.

»Ó cabo dalgúns días, cada un deles, oíu pola ventá a uns leñadores que saían dunha taberna para iren cortar madeira no souto veciño, e que levaban do brazo as súas doces amigas, que podían intertrocar a vontade. Os nosos reis pregáronlle a Ituriel que tivese a ben interceder por eles perante o amo das cousas, e que os fixese leñadores.

—Non sei —interrompeu a tenra Amaside— se o amo das cousas lles concedeu o seu pedimento, e impórtame pouco, mais sei ben que eu non lle había pedir nada a ninguén se estivese pechada co meu amigo, co meu querido Nabucodonosor.

Resoaron as bóvedas do pazo con ese gran nome. Ó primeiro, Amaside non pronunciara máis ca "Na", a seguir "Nabu", despois "Nabuco", mais ó cabo a arrastrouna paixón: pronunciou o nome fatal todo enteiro, malia o xuramento que lle fixera ó rei seu pai. Tódalas donas do pazo repetiron "Nabucodonosor", e o corvo ruín non deixou de llo ir contar ó rei. O rostro de Amasis, rei de Tanis, desacougou porque o seu corazón estaba cheo de desacougo. E velaí como a serpe, que era o máis prudente e o máis sutil dos animais, facialles sempre mal ás mulleres coidando facerlles ben.

Entón, alporizado, Amasis mandou de contado que procurasen a súa filla Amaside doce alguacís que están sempre prestos a executar tódalas barbaries que o rei mande, e que din por toda razón: "págannos para isto".

CAPÍTULO DÉCIMO

Cómo quixeron cortarlle o colo á princesa, e cómo non llo cortaron

En que a princesa foi chegada, toda tremente, ó campamento do rei seu pai, díxolle el:

—Miña filla, sabedes que se fai morrer a tódalas princesas que desobedecen ós seus pais os reis, sen o cal un reino non podería ser ben gobernado. Privárvos eu proferírde-lo nome do voso amigo Nabucodonosor, o meu inimigo mortal, que me destronara hai logo sete anos, e que desapareceu da terra. Vós escollestes no seu sitio un touro albo, e berrastes: "Nabucodonosor". É xusto que vos corte o pescozo.

A princesa respondeulle:

—Meu pai, fágase conforme á vosa vontade, mais dádeme tempo para chora-la miña virxindade⁴².

—Iso é xusto —dixo o rei Amasis—; é unha lei establecida entre tódolos príncipes ilustrados e prudentes. Douvos toda a xornada para chorárde-la vosa virxindade, pois que dicides que a tendes. Mañá, que é o oitavo día do meu acampamento, hei facer enguli-lo touro albo polo peixe, e cortaréivo-lo colo ás nove da mañá.

A linda Amaside foi chorar á ribeira do Nilo, coas súas donas palacianas, o que lle restaba de virxindade. O sabio Mambrés cavilaba á beira dela, e contaba as horas e mailos intres.

—E ben, meu querido Mambrés —díxolle a princesa—, mudáste-las augas do Nilo en sangue conforme o costume, ¿e non poderdes muda-lo corazón de Amasis, meu pai, rei de Tanis! ¿El aturaredes que me corte o pescozo mañá ás nove da mañá?

—Iso ha pender —respondeu o caviloso Mambrés— da dilixencia dos meus correos.

No día seguinte, en que as sombras dos obeliscos e máis das pirámides marcaron sobre da terra a novena hora do día, ataron o touro albo para chimpalo ó peixe de Xonás, e trouxéronlle ó rei o seu gran sabre.

—¡Ai! ¡Ai! —dicía Nabucodonosor no fondo do seu corazón—, eu, o rei, son boi dende hai sete anos, e non ben atopo a miña amiga fanme comer por un peixe.

Nunca o sabio Mambrés fixera cavilacións tan fondas. Estaba absorbido nos seus tristes pensamentos cando viu de lonxe todo o que el agardaba. Achegábase unha multitude innumerable. As tres figuras de Ise, de Osiris e mais de Horus avanzaban xuntas, levadas sobre un dosel de ouro e pedrerías por cen senadores de Ménfis, e precedidos por cen raparigas a toca-lo sistro sagrado. Catro mil sacerdotes, coa cabeza rapada e coroada de flores, ían montados en cadanseu hipopótamo. Máis lonxe, aparecían coa mesma pompa a ovella de Tebas, o can de Bubasto, o gato de Febe, o crocodilo de Arsínoe, o castrón de Mendes, e tódolos deuses inferiores de Exipto, que lle viñan render homenaxe ó gran boi, ó gran deus Apis, tan poderoso coma Ise, Osiris e mais Horus xuntos⁴³. E no medio de todos, eses semideuses, corenta sacerdotes levaban unha certa enorme chea de cebolas sagradas que non eran por enteiro deuses, mais que lles imitaban abondo.

Ás dúas bandas desta fila de deuses seguidos dun pobo innumerable, marchaban corenta mil guerreiros, o casco na testa, a cimitarra na coxa esquerda, a alxaba ó lombo, o arco na man.

Tódolos cregos cantaban a coro, cunha harmonía que enlevaba a alma e que a adondaba:

O noso boi está no sartego,

habemos ter outro máis belo.

E, en cada pausa, sentíanse resoa-los sistros, as castañolas, as pandeiretas, os salterios, as cornamusas, as arpas e mailas sambucas.

CAPÍTULO UNDÉCIMO

Cómo a princesa casou co seu boi

Amasis, rei de Tanis, abraiado por este espectáculo, non lle cortou o colo á súa filla: tornou a súa cimitarra á vaíña. Mambrés díxolle:

—¡Gran rei! A orde das cousas mudou; cómpre que Vosa Maxestade dea exemplo. ¡Ou rei! Ceibade vós mesmo axiña o touro albo, e sede o primeiro en adoralo.

Amasis obedeceu e prosternouse con todo o seu pobo. O gran sacerdote de Ménfis presentoulle ó novo boi Apis o primeiro mangado de feo. A princesa Amaside velle nos lindos cornos grilandas de rosas, de anémonas, de ranúnculos de tulipáns, de caraveis e de xacintos. Tomábase ela a liberdade de o bicar, mais con fondo respecto. Os sacerdotes estraban de palmas e flores o camiño polo que o guiaban ata Ménfis. E o sabio Mambrés, sempre a face-las súas cavilacións, dícialle polo baixo á súa amiga a serpe:

—Daniel mudou ese home en boi, e eu mudei ese boi en deus.

Volveron a Ménfis na mesma orde. O rei de Tanis, todo confuso, seguía a marcha. Mambrés, con face serena e recollido, andaba á súa beira. A vella ía detrás moi marabillada; acompañábana a serpe, o can, a burra, o corvo, a pomba e mailo castrón expiatorio. O gran peixe remontaba o Nilo. Daniel, Ezequiel e Xeremías, transformados en pegas, cerraban a marcha.

En que chegaron ás fronteiras do reino, que non estaban moi lonxe, o rei Amasis despediuse do boi Apis, e díxolle á súa filla:

—Miña filla, volvamos ós nosos estados, con obxecto de eu vos cortar alí o pescozo, conforme foi decidido no meu real corazón, pois que pronunciáste-lo nome de Nabucodonosor, o meu inimigo, que me destronou hai sete anos. E cando un pai xurou corta-lo colo da súa filla precisa cumpri-lo seu xuramento, pois se non é precipitado para sempre nos infernos, e eu non quero condenarme por amor a vós.

A linda princesa respondeu con estas verbas ó rei Amasis:

—Meu querido pai, ídelle corta-lo pescozo a quen queirades; mais non será a min. Estou nas terras de Ise, de Osiris, de Horus e mais de Apis; non abandonarei para nada o meu fermoso touro albo; heino bicar ó longo de todo o camiño, ata eu ve-la súa apoteose nas grandes cortes da santa vial de Ménfis: é unha debilidade perdoable a unha filla ben nacida.

Non ben ela pronunciou estas palabras, coando o boi Apis exclamou:

—Miña querida Amaside, heite amar toda a miña vida.

Era a primeira vez que se sentira falar a Apis en Exipto nos mil anos que había que o adoraban. A serpe e maila burra exclamaron:

—¡Os sete anos son cumpridos!

E as tres pegas repetiron:

—¡Os sete anos son cumpridos!

Tódolos sacerdotes de Exipto alzaron as mans cara ó ceo. E viuse de súpeto que o deus perdía as dúas patas de atrás; as dúas patas de diante viraron dúas pernas; dous fermosos brazos carnosos, musculosos e brancos saíron dos seus ombreiros; o fociño de touro fíxolle sitio ó rostro dun heroe cativador; volveuse converter no home máis fermoso da terra, e dixo:

—Eu quero mellor se-lo amigo de Amaside que ser deus. Son Nabucodonosor, rei de reis.

Esta nova metamorfose abraiou a todo o mundo, agás o caviloso Mambrés. Mais o que non sorprendeu a ninguén foi que Nabucodonosor casase ó dereito coa linda Amaside, na presenza daquela grande asemblea.

Deixoulle o reino de Tanis ó seu sogro, e fixo belas fundacións para a burra, a serpe, o can e maila pomba; e mesmo para o corvo, as tres pegas e mailo grande peixe, mostrándolle a todo o universo que tan ben sabía perdoar como triunfar. A vella tivo unha boa pensión. O castrón expiatorio foi mandado, por un día, ó deserto, para seren expiados tódolos pecados pasados; logo do cal, déronlle doce cabras como recompensa. O sabio Mambrés volveu ó seu pazo para seguir cavilando. Nabucodonosor, logo de conquistalos, gobernou tranquilamente os reinos de Ménfis, de Babilonia, Damasco, Balbec, Tiro, Siria, Asia Menor, a Escitia, as comarcas de Chiraz, de Mosok, de Túbal, de Madai, de Gog, de Magog, de Xava, a Sogdiana, a Bactriana, a

India e mailas illas.

Os pobos daquela vasta monarquía berraban tódalas mañás:

—Viva o gran Nabucodonosor, rei de reis, que xa non é boi!

E dende aquela houbo o costume en Babilonia de que, cada vez que o soberano (groseiramente enganado polos seus sátrapas, ou polos seus magos, ou polos seus tesoureiros, ou polas súas mulleres) recoñecía ó cabo os seus erros e corruxía o seu mal comportamento, todo o pobo berrase á súa porta.

—¡Viva o noso gran rei, que xa non é boi!

¹ Rei no século VI a.C., que en realidade foi aliado de Nabucodonosor. Tanis, igual ca Pelusio, foi unha vila de Exipto situada no delta do Nilo.

² A famosa contenda refírese en Éxodo VII, 8, onde non figura o nome de Mambrés; cítalo San Paulo na *IIª Epístola a Timoteo*, III, 8.

³ Alúdese a Nabucodonosor ou Nabopolasar; do que *O libro de Daniel*, IV, 22, enuncia a predicción da súa loucura, profetizando que había ser expulsado da vida entre os homes para vivir entre os animais e manterse de herba durante sete anos.

⁴ Isis, representada con cornos, foi asimilada a Ío, filla de Íncco, polos poetas gregos e mais latinos. Ío foi mudada por Zeus en cuxa. (Ovidio, *Metamorfose*, I, 947, e X, 666-697).

⁵ Cidade da Arabia Feliz, capital da actual República do Iemen.

⁶ Seguindo a Dom Calmet -sabio orientalista do tempo de Voltaire, "Cherub" en caldeo e en siríaco significa "cuxo" ou "boi".

⁷ As alusións son fantasiosas: A guerra de Troia ocorreu no século XII; Hiram reinou no século X; Nephel Keres é o nome grego dos dous faraóns que viviron ben de séculos antes ca Hiram.

⁸ Éxodo, VII, 11 - 22; j. Segundo esta pasaxe, os magos que competían con Moisés trocaron as varas en cobras e as augas do Nilo en sangue.

⁹ Alusións a pasaxes bíblicas: *Números*, XXII, 22-30, II, 1; *Tobías*, I, 13 - 16; *Levítico*, XVI, 7 - 10 e 21 - 22; *Xénese*, VII, 7 - 8.

¹⁰ Rei de Asiria no 728 A.C. Apoderouse da meirande parte de Fenicia e enviou a Oseas á cadea. Morreu no ano 714.

¹¹ Os profetas.

¹² Clara alusión á historia bíblica de Xonás e a balea.

¹³ Téñase en conta, para o que segue, que a serpe é en francés de xénero masculino.

¹⁴ "De certo, foron os brahmáns os primeiros en imaxinaren unha revolta no ceo, e esta fábula serviu ben tempo despóis á historia da guerra dos xigantes contra os deuses, e a algunhas outras historias". (Nota do autor.)

¹⁵ Terceiro libro dos Reis, cap. XXII, V. 21 e 22. "O señor dixo: "¿El quen enganará a Acab, Rei de Israel, a fin de que vaia a Ramoth de Galaad, e que alí caia?" E adiantouse un espírito, e presentouse perante o

señor, e díxolle: "Son eu quen o ha enganar. E o señor díxolle: ¿Como?... Ti enganarlo, si, e has prevalecer. Vai, e faino así". (Nota de Voltaire.)

¹⁶ Trátase de Daniel, que prediciu a loucura de Nabucodonosor ou Nabopolasar.

¹⁷ Toda a antigüidade empregaba indistintamente os termos de "boi" ou "touro" (Nota do autor.)

¹⁸ Era, a súa muller, non a súa filla.

¹⁹ "Dinastía" significa propiamente poder. Pódese usar así esta palabra, malia ás cavilacións de Larcher. Dinastía vén do Fenicio "Dunast" e Larcher é un ignorante que non sabe nin o fenicio, nin o siríaco, nin o copto". (Nota de Voltaire.)

²⁰ Tertuliano, no seu poema "Sodoma", di: "Diciter et vivens alio sub corpore sexus / munitos solito dispungere sanguine menses" (Trad.: "disque o seu sexo, que ficara vivo baixo outro corpo, marca certos días de cada mes co sangue acostumado". San Ireneo, Libro IV, di: "Per naturalia ea quae sunt consuetudinis feminae ostendens". (Trad: Amosando polas partes naturais os fenómenos propios do sexo feminino". O texto primeiro atribuíase na época a Tertuliano; é dun autor descoñecido do s. IV. No texto de Ireneo dise "hominis" e non "feminae".

²¹ Daniel, IV, 22 (Nota de Voltaire). Na realidade, Daniel, IV, 23 - 25.

²² Voltaire parodia os anacronismos da Biblia.

²³ Este termo que Voltaire puido topar en Rabelais (*Gargantúa*, VIII) designa segundo a *Enciclopedia* a un paxaro de tamaño grande, un pelícano. Voltaire parece confundilo cun onagro (burro bravo).

²⁴ Vinte mil escudos de prata, ó curso de hoxe en día. (Nota de Voltaire.)

²⁵ III Libro dos Reis, CAP. XVIII. (Nota de Voltaire.)

²⁶ Ovidio, *Metamorfose*, II, 596 - 632.

²⁷ Reiteradamente, Voltaire presentou o problema da imposibilidade física da arca de Noé, tema que preocupaba ós sabios do momento.

²⁸ Berose, autor caldeo, refire, de certo, que a mesma aventura lle aconteceu ó rei de Tracia Sisutre: Era ela incluso máis marabillosa aínda, pois que a súa arca tiña cinco estadios de longo por dous de ancho. Formouse unha gran disputa entre os sabios para clarexaren cal é o máis vello, o Rei sisutre ou Noé. (Nota de Voltaire.)

²⁹ "Concordia das cousas na discordia". Non é de Zoroastro, senón de Horacio, *Epístolas*, I, 12.

³⁰ Chamábanse "inocentes" as pombiñas novas que aínda non incubaron.

³¹ Para os viños seguintes: Engaddi, ve-la *Cantiga das Cantigas*, L, 14; Tadmor é outro da vila de Palmira; Voltaire parece que confunde o Chiraz, de Persia, co viño de Tirás, da Biblia (*Xénese*, X, 2).

³² *Ezequiel*, IV. (Nota de Voltaire.)

³³ A bosta de vaca, des que seca, era e é usada como combustible no Oriente.

³⁴ *Libro de Ezequiel*, XXII, 20.

³⁵ Fillas de Píero, que logo de desafiaren ás musas foron trocadas en pegas por Apolo. (Ovidio,

Metamorfose, V, 670 - 678.

³⁶ Historiador exipcio, de obra perdida case na súa totalidade.

³⁷ Xosué (*Éxodo*, XXI, 6 - 9).

³⁸ O protestante Abbadie escribira unha apoloxía da súa relixión no *Traité de la verité de la religion chretienne* (1684), que tamén usaban os católicos. O abade Horeville era autor dun libro polémico, *La religion chretienne prouvée par les faits* (1721).

³⁹ Ironía de Voltaire; Locke foi filósofo inglés contemporáneo do autor.

⁴⁰ "A Madroa de Éfeso" é un conto tirado do Satiricón de Petronio.

⁴¹ Voltaire semella referirse aquí a Rollin (inversión das sílabas).

⁴² Voltaire alude á Historia da filla de Xefté, *Libro dos xuíces*, XI, 37.

⁴³ Herodoto explica en *Historia*, II, 42, que non sacrificaban as ovellas porque Zeus puxo unha cabeza de aña e a súa pelica para que non o vise Heracles; o deus evitaba mostrarse ós heroes e ós mortais. Os cidadáns de Bubasto adoraban a un gato, non a un can. Febe non é vila de Exipto. Éo Arsínoe, situada onda o lago Moeris, onde se veneraban os crocodilos. Verbo de Mendes, no delta do Nilo, e o seu castrón, véxase Herodoto, *Historias*, II, 46.